

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 09.10.2020

Hora: 10:30

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 9 de outubro de 2020, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 887 (11/POC-000110)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 6 máis
Sobre o número total de inspeccións realizadas polos inspectores de xogo da Comunidade Autónoma no exercicio 2019 e cantos expedientes sancionadores foron abertos no mesmo exercicio
Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 9, do 02.09.2020
- 1.2 917 (11/POC-000123)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 6 máis
Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia respecto das axudas do Plan específico de acción comunitaria destinado a diversas asociacións e das melloras que se introduciron a través da nova formulación das ditas axudas
Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 9, do 02.09.2020
- 1.3 1270 (11/POC-000194)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego referida á necesidade de deseñar un procedemento e unha normativa de teletraballo na Administración autonómica que permita actuar de xeito máis eficiente diante do alongamento da situación actual da pandemia da covid-19 ou diante do seu empeoramento, así como á realización dalgún estudo ao respecto e á valoración que fai das medidas de teletraballo adoptadas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 12, do 08.09.2020

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 943 (11/PNC-000069)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo
Sobre a elaboración polo Goberno galego dun plan para adaptar os puntos de encontro familiares á actual situación de pandemia, a creación doutros novos e a mellora da situación do de Pontevedra
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 11, do 04.09.2020

- 2.2 1484 (11/PNC-000138)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez Piñeiro, Iago e 4 máis
Sobre a adopción de medidas por parte do Goberno galego para paliar a situación de desgoberno que se está a vivir no Concello de Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 15, do 16.09.2020
- 2.3 2110 (11/PNC-000205)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co labor desenvolvido por todas as persoas e institucións que denunciaron o espolio e participaron na recuperación para o patrimonio público do pazo de Meirás, así como a demanda que debe formular o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 19, do 22.09.2020

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2020

José Manuel Rey Varela
Presidente da Comisión

**RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE
ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**
POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
José Manuel Rey Varela	P
Vicepresidenta	
María Sol Díaz Mouteira	P
Secretaria	
Paloma Castro Rey	S

Vogais

Pablo Arangüena Fernández	S
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Iria Carreira Pazos	BNG
José Alberto Pazos Couñago	P
Paula Prado del Río	P
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro	BNG
Borja Vereá Fraiz	P

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 09.10.2020 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 09.10.2020 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 887(11/POC-000110)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre o número total de inspeccións realizadas polos inspectores de xogo da Comunidade Autónoma no exercicio 2019 e cantos expedientes sancionadores foron abertos no mesmo exercicio

Publicación iniciativa vía urxencia, 9, 02.09.2020

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Marta Fernández-Tapias Nuñez, Alberto Pazos Couñago, Álvaro Pérez López e Antonio Rodríguez Miranda ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

A Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia establece que corresponde ao corpo de inspectores de xogos e apostas a vixilancia do cumprimento do previsto na dita lei e nas disposicións regulamentarias así como a persecución do xogo clandestino.

Tamén corresponde, con carácter xeral, á consellería competente en materia de xogos e apostas a imposición das sancións que procedan pola comisión dos feitos tipificados na devandita norma.

Considérase que un dos obxectivos desta labor inspectora debe ser preservar os intereses prevalentes permitindo erradicar e disuadir as intervencións máis perniciosas no eido do xogo e das apostas, perseguir o xogo ilegal e fomentar as actuacións responsables que repercuten no correcto funcionamento dos establecementos e as máquinas de xogo.

Nos últimos meses detectouse unha certa alarma social respecto da implantación en Galicia de novos establecementos de xogo. Cómpre salientar que este tipo de establecementos deben estar sometidos a controis específicos e habituais por parte da inspección de xogo sen prexuízo do resto de inspeccións que corresponde efectuar tamén aos corpos e forzas de seguridade e aos propios concellos onde tales establecementos se instalan.

A Xunta de Galicia conta cun total de 10 inspectores de xogo que realizan visitas periódicas aos casinos, bingos, salóns de xogo e tendas de apostas así como a todos os locais de hostalaría onde figuren instaladas máquinas recreativas e máquinas de



apostas, aos efectos de comprobar o cumprimento efectivo de toda a normativa de aplicación nesta materia.

A normativa en materia de xogo é moi restritiva e os requisitos que deben cumprir os ditos establecementos tamén.

Tendo en conta que unha das finalidades da inspección é o coñecemento da situación de legalidade dos distintos sectores implicados, así como proceder a corrección dos correspondentes incumprimentos, os deputados e deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

-Cal é o número total de inspeccións realizadas polos inspectores de xogo da Comunidade Autónoma no exercicio 2019 especificando o tipo de local ou de xogo inspeccionado?

-Cantos expedientes sancionadores foron abertos pola consellería competente nesta materia no mesmo exercicio e cal foi a recadación en materia de sancións realizada no dito exercicio económico?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2020 09:30:00
Nº Registro: 887
Data envío: 26/08/2020 19:08:35.394

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 26/08/2020 18:48:13

José Manuel Rey Varela na data 26/08/2020 18:48:29

María Sol Díaz Mouteira na data 26/08/2020 18:48:43

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 26/08/2020 18:48:54

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 18:49:18

Álvaro Pérez López na data 26/08/2020 18:49:39

Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 18:49:50



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 09.10.2020 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 917(11/POC-000123)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia respecto das axudas do Plan específico de acción comunitaria destinado a diversas asociacións e das melloras que se introduciron a través da nova formulación das ditas axudas

Publicación iniciativa vía urxencia, 9, 02.09.2020

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Marta Fernández-Tapias Nuñez, Alberto Pazos Couñago, Álvaro Pérez López e Antonio Rodríguez Miranda ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión

No período 2016 - 2019 a Vicepresidencia, Consellería de Presidencia, Administración públicas e Xustiza xestionou, a través da Dirección Xeral de Administración Local a liña de subvencións en concorrencia non competitiva, destinadas as asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia.

Este importante motor da participación veciñal merece un recoñecemento, as asociacións de veciños, asociacións de mulleres rurais e as comunidades de usuarios, son un baluarte da cultura democrática e participativa, representan uns dos máis importantes instrumentos de participación cos que conta a Administración Local, por estas razón o Goberno Galego colabora na dinamización e impulso do asociacionismo coma eixe fundamental do dereito de participación, recoñecido polo artigo 23 da Constitución, e como colaboradores necesarios da Administración Local no exercicio das súas competencias.

No DOG núm. 247, do 30 de decembro de 2019, publicouse a Orde do 17 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2020, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do Plan específico de acción comunitaria destinado a asociacións veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia. Nesta regulación obsérvanse cambios significativos e melloras en relación as bases que rexeron esta convocatoria nos anos anteriores.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 917
Data envío: 26/08/2020 20:11:25.254

- Que balance fai a Xunta de Galicia sobre as axudas do Plan específico de acción comunitaria destinado a asociacións veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia entre os anos 2016 e 2019?
- Que melloras se introduciron a través da nova formulación das ditas axudas en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2020?

Santiago de Compostela, 26 agosto de 2020.



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 917
Data envío: 26/08/2020 20:11:25.254

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 26/08/2020 20:09:14

José Manuel Rey Varela na data 26/08/2020 20:09:27

María Sol Díaz Mouteira na data 26/08/2020 20:09:43

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 26/08/2020 20:09:58

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 20:10:07

Álvaro Pérez López na data 26/08/2020 20:10:15

Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 20:10:25



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 09.10.2020 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 1270(11/POC-000194)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á necesidade de deseñar un procedemento e unha normativa de teletraballo na Administración autonómica que permita actuar de xeito máis eficiente diante do alongamento da situación actual da pandemia da covid-19 ou diante do seu empeoramento, así como á realización dalgún estudo ao respecto e á valoración que fai das medidas de teletraballo adoptadas

Publicación da iniciativa, 12, 08.09.2020



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2020 17:11:29
Nº Rexistro: 1270
Data envío: 03/09/2020 17:11:29.183

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Luis Álvarez Martínez e Paloma Castro Rey deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A declaración do Estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 requiriu a adopción de medidas para facer fronte a esta conxuntura.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do doce de marzo de dous mil vinte, aprobou o Protocolo de actuación para o persoal empregado público da Administración da Xunta de Galicia en relación co coronavirus «COVID-19», RESOLUCIÓN do 12 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, publicada o xoves, 12 de marzo de 2020 (DOG Núm. 49-Bis).

Entre as medidas adoptadas no punto 5 atopábase a posibilidade de acollerse á modalidade de prestación de servizos a distancia a través do teletraballo para determinado persoal (o que tivese ao seu cargo menores ou maiores dependentes e se vise afectado polo peche de centros educativos ou de maiores), e no punto 8 recollíase, que se as recomendacións sanitarias así o aconsellaban, a posibilidade de adoptar medidas de posta en marcha do teletraballo.

A evolución da crise levou ao peche dos centros de traballo das distintas administracións, implementándose con carácter xeral o teletraballo desde o luns 16 de marzo.

O teletraballo era, ata que estalou a pandemia do coronavirus, unha modalidade de emprego moi restrinxida na Xunta de Galicia, o ano pasado os permisos concedéronse a 377 funcionarios dos servizos xerais, que supoñen o 2,4 % do total, e as autorizacións non abarcaban a totalidade da xornada, senón unha media de dous días á semana.

Coa crise do COVID 19 o teletraballo ampliouse ao 80 % do persoal e a xornada completa durante o período de confinamento.

CSM-REXISTRO-OCIL-1ajj027
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2020 17:11:29
Nº Rexistro: 1270
Data envío: 03/09/2020 17:11:29.183

O coronavirus cambiou a concepción do traballo, abriu unha posibilidade ampliada para teletraballar e , ante a incerta evolución da situación sanitaria, pode seguir sendo unha ferramenta útil que proporcione flexibilidade na contención da pandemia e na organización do traballo.

A extensión do teletraballo pola situación sanitaria require estudar e aproveitar a experiencia adquirida para mellorar a normativa de regulación, recollida na Orde do 20 de decembro de 2013.

Polo exposto, os deputados e deputada asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Considera o Goberno galego necesario deseñar un procedemento e normativa de teletraballo na Administración autonómica galega que permita actuar de forma máis eficiente ante a prolongación da situación actual ou ante un empeoramento da mesma?
- 2.^a) Está a realizar o Goberno galego algún estudo que permita coñecer o grao de acceso e implementación do teletraballo durante as distintas fases da pandemia?
- 3.^a) De ser así, que instrumentos e indicadores está a empregar nese estudio? Que resultados evidencian eses estudos? Que valoración fai da situación que se ten detectado?
- 4.^a) Que valoración fai das medidas de teletraballo adoptadas? Considera que a súa implementación foi eficaz? Estanse a cumprir os obxectivos asignados?
- 5.^a) Considera a Xunta de Galicia necesario ampliar a cota de teletraballo?

Pazo do Parlamento, 2 de agosto de 2020

Asdo.: Pablo Arangüena Fernández
Luis Manuel Álvarez Martínez
Paloma Castro Rey
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2020 17:11:29
Nº Registro: 1270
Data envío: 03/09/2020 17:11:29.183

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 03/09/2020 16:44:44

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/09/2020 16:44:58

Paloma Castro Rey na data 03/09/2020 16:45:18

CSX REGISTROdL1ajj027
Verificado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 09.10.2020 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 09.10.2020 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 943(11/PNC-000069)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun plan para adaptar os puntos de encontro familiares á actual situación de pandemia, a creación doutros novos e a mellora da situación do de Pontevedra

Publicación da iniciativa, 11, 04.09.2020



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2020 10:42:04
Nº Rexistro: 943
Data envío: 27/08/2020 10:42:04.841

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Paloma Castro Rey e Pablo Arangiüena Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

A Lei 3/11, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, que consagra os principios reitores de actuación que deben promover os poderes públicos galegos no ámbito de protección á familia, á infancia, e á adolescencia, establece no artigo 36 que a Xunta de Galicia potenciará e desenvolverá unha rede de recursos axeitados para garantir a efectividade dos procesos de apoio familiar e mediación para que estes poidan chegar aos sectores de poboación máis amplos posibles, tanto a través das novas tecnoloxías como na modalidade de atención presencial.

En concreto, a través dos departamentos da Administración autonómica competentes en materia de familia e xustiza, constituirán servizos de apoio e atención ás familias a través das tecnoloxías da información e a comunicación e promoverá, reforzará e ampliará os servizos de orientación familiar, de mediación e os puntos de encontro familiar.

A Lei 11/07, do 27 de xullo, lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, foi a que garantiu a existencia dos puntos de encontro, creados para dar un servizo que facilite e reserve a relación entre as/os menores e as persoas da súa familia, cando exista unha situación de crise, permitindo e garantindo a seguridade e o benestar das e dos menores e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

En Galicia os puntos de encontro unicamente localízanse nas 7 principais cidades, o que supón un servizo totalmente ineficaz, tendo en conta o gran volume de persoas usuarias. Isto provoca a existencia de listas de agarda que demoraranse moito no tempo e que impiden o cumprimento de resolucións xudiciais, xerando unha perda de dereitos para as persoas.

Asemade o agravio económico para algunhas familias, en moitos casos con

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSM-REVIS:TR0K6p9Zu61
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2020 10:42:04
Nº Rexistro: 943
Data envío: 27/08/2020 10:42:04.841

dificultades económicas, ao ter que desprazarse as veces máis de 100 quilómetros para poder usar este servizo.

Ao que se suma que en moitos casos, os locais para levar a cabo estas visitas, non cumpren, nin de lonxe, as condicións mínimas para os/as usuarios, como é o caso do Punto de Encontro de Pontevedra, o cal está sito na Avenida de Vigo, na parte traseira da Delegación Provincial de Sanidade.

Este local, coma xa denunciámos en moitas ocasións, está situado nun lugar recóndito, co perigo que isto supón para as mulleres vítimas de violencia; non cumpre as condicións de accesibilidade; é moi pequeno tendo en conta que por aí pasan unha media de 200 familias cada fin de semana. O que leva ás familias a ter que compartir espazos.

Esta situación non desexable, empeora por mor da pandemia, xa que, en primeiro lugar, se pechan durante 4 meses estes centros, deixando a esas familias sen poder verse ou relacionarse, posteriormente a Xunta de Galicia reenvía un protocolo no que, non establece máis medidas que as xenéricas de desinfección, espaciamento das visitas e distanciamento social, o que creemos que é unha medida claramente insuficiente.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un plan de medidas eficaces para adaptar os puntos de encontro familiares á situación de pandemia que vivimos, sen que supoña un aumento das listas de agarda.
2. Crear novos puntos de encontro familiares en todas as provincias, mellorando as listas de agarda, evitando así os traslados das familias e garantindo un menor número de persoas usuarias por cada centro o que é recomendable na situación de pandemia que vivimos.
3. Cambiar de situación o Punto de Encontro Familiar de Pontevedra, por non reunir o actual as condicións mínimas requiridas.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2020 10:42:04
Nº Registro: 943
Data envío: 27/08/2020 10:42:04.841

4. Implantar un Punto de Encontro Familiar na comarca do Morrazo.

Pazo do Parlamento, 26 de agosto do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/08/2020 10:19:06

Pablo Arangüena Fernández na data 27/08/2020 10:19:15

Gonzalo Caballero Míguez na data 27/08/2020 10:19:27



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 09.10.2020 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 1484(11/PNC-000138)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez Piñeiro, Iago e 4 máis

Sobre a adopción de medidas por parte do Goberno galego para paliar a situación de desgoberno que se está a vivir no Concello de Ourense

Publicación da iniciativa, 15, 16.09.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 1484
Data envío: 08/09/2020 14:38:58.360

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Luis Bará Torres** e das deputadas **Noa Presas Bergantiños**, **María González Albert** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 16 de maio de 2019 o daquela Presidente da Xunta de Galiza - recentemente reelixido- manifestaba nun dos xornais de maior circulación na cidade de Ourense que “Como ourensano -e como presidente de Galicia- creo que sería letal. Sería letal para Ourense ter un alcalde como Jácome”, precisando que se o Sr. Jácome fose alcalde “o show que imos ter no concello de Ourense... vains facer retroceder nos próximos catro anos. É antipolítica”

Malia a clareza das afirmacións expresadas na devandita entrevista e coa consciencia de que sería letal para Ourense o PPdG que preside e dirixe o Sr. Núñez Feijóo o día 15 de xuño de 2019 votan a favor da designación do Sr. Pérez Jácome como alcalde de Ourense. Os intereses e o futuro de Ourense e das ourensáns ficaba relegado a un segundo plano a cambio de cotas de poder no Concello de Ourense, e de que o Sr. Baltar Blanco continuáse ao fronte da Ilma. Deputación Provincial de Ourense cunha xestión que levou a Ourense á cola de case todos os indicadores sociais, demográficos e económicos do estado español.

CSM-REXISTROBIBLIOMAN6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REGISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 08/09/2020 16:30:00

Nº Rexistro: 1484

Data envío: 08/09/2020 14:38:58.360

Non houbo que agardar moito para que o Sr. Pérez Jácome e o grupo de goberno que o apoiaba e sustenta -Democracia Orensana e Partido Popular de Galicia- expresaran os seus proxectos para esta cidade de Ourense. Múltiples escaleiras mecánicas, piscinas, construción dun rañaceos na finca Santamariña ou traslado da sede da UNED ao inmoble da vella cadea de Ourense.... son algúns dos proxectos explicitados polo máximo rexedor do Concello de Ourense, que sustenta D.O e o PPdG.

Apesares da grave crise sanitaria, económica e social provocada pola pandemia orixinada polo virus COVID 19 non consta que o Concello de Ourense tomase decisións que permitisen evitar ou, cando menos, paliar as consecuencias de tan grave crise. Inacción que non foi óbice para que se mantiver o grupo de goberno. Grupo de goberno cada vez máis numeroso e custoso para a cidadanía de Ourense.

A pesares da evidente paralización e ausencia de iniciativas fronte as consecuencias da Pandemia, do crecente deterioro mesmo físico da cidade de Ourense, non consta a existencia da máis mínima autocrítica do grupo de goberno no Concello de Ourense, ou na dirección dos grupos políticos que o sustentan. Tampouco do Presidente da Xunta quen hai escasamente un ano advertía das consecuencias letais dun goberno local presidido pola persoa á que finalmente apoiou.

Así e todo non foi ate o mes de agosto de 2020 cando se manifestou con maior evidencia o que o Sr. Núñez Feijóo xa explicitara un ano antes. Parte do grupo municipal denunciou ao propio rexedor municipal por -segundo parece- malversación de fondos públicos. Parte do grupo de goberno considera que o alcalde ao que apoia puidera ter cometido un delito continuado e, afirman, de grande alcance económico. Porén, a día de hoxe, non consta a existencia que os grupos políticos que sustentan ao rexedor (DO e PPdG) encentasen iniciativa algunha para a remoción do seu posto da

CSV, REGISTRO BIT-SOIMANS
Validación:
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2020 16:30:00
Nº Registro: 1484
Data envío: 08/09/2020 14:38:58.360

persoa que -segundo as súas manifestacións- consideran criminalmente responsable dun delito na xestión de fondos públicos.

Esta situación de caos e desgobierno que novamente singulariza ao Concello de Ourense está a provocar unha parálise nas iniciativas e na resposta as consecuencias económicas e sociais da Pandemia. A Entidade Local que xestiona a terceira cidade máis poboada de Galiza, probablemente no momento máis crítico da historia, cando cumpren máis que nunca as súas actuacións e iniciativas, fica ensimesmada e sen resposta ás urxencias cidadás. Protagonizando un espectáculo que a cidadanía non merece e que mesmo podería ser letal para a cidade, como xa anticipara o Sr. Presidente da Xunta o día 16 de maio de 2019, antes de que se investira alcalde a aquel que consideraba letal para Ourense.

E por iso que, ante a situación de desgobierno que esta sufrir o Concello de Ourense no medio dun crise sanitaria, económica e social, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego á urxente e inmediata adopción de medidas destinadas a paliar a transmisión á cidadanía da situación de desgobierno que se esta a vivir no Concello de Ourense.”

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2020





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 08/09/2020 16:30:00

Nº Rexistro: 1484

Data envío: 08/09/2020 14:38:58.360

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

María González Albert

Iria Carreira Pazos

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/09/2020 14:36:38

Xosé Luis Bará Torres na data 08/09/2020 14:36:42

Noa Presas Bergantiños na data 08/09/2020 14:36:54

María González Albert na data 08/09/2020 14:37:03

Iria Carreira Pazos na data 08/09/2020 14:37:12



CSV REXISTRO9BIT-SDM4NS

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 09.10.2020 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 2110(11/PNC-000205)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co labor desenvolvido por todas as persoas e institucións que denunciaron o espolio e participaron na recuperación para o patrimonio público do pazo de Meirás, así como a demanda que debe formular o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto

Publicación da iniciativa, 19, 22.09.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 2110
Data envío: 17/09/2020 14:03:22.057

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, e da deputada **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A sentenza do Xulgado de Primeira Instancia de A Coruña sobre o Pazo de Meirás establece que este inmóbel é propiedade do Estado e declara non válida a venda simulada coa que os herdeiros do ditador acreditaban a posesión da devandita propiedade a título particular.

Sen dúbida estamos diante dun feito histórico, cargado de grande simbolismo e relevancia por canto é a primeira vez que unha sentenza reconece que as actuacións para a entrega deste ben a Francisco Franco foron realizadas nun contexto de extorsión e terror, que o Pazo foi durante décadas residencia da máxima autoridade do Estado, e que as obras acometidas no inmóbel tanto de mellora como de ampliación foron realizadas a costa do erario público.

2. A loita pola recuperación do Pazo de Meirás é un proceso colectivo que se inicia a finais dos anos 70 do século XX e que se intensifica a partir de comezos dos anos 2000. Trátase dunha andaina colectiva que se desenvolve en tres frentes

CSM - REXISTRO XERAL DE
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 2110
Data envío: 17/09/2020 14:03:22.057

- A mobilización social, iniciada no ano 2005 pola Comisión Pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña, e que tivo un dos seus fitos principais na ocupación simbólica do Pazo o 30 de agosto de 2017.

- A investigación histórica para documentar o espolio, na que é fundamental o labor dos historiadores Carlos Babío e Manuel Pérez Lorenzo, que cristalizou a finais de 2017 na publicación do libro Meirás: Un Pazo, un Caudillo, un espolio, editado pola Fundación Galiza Sempre.

- A acción institucional, liderada desde o comezo pola Deputación da Coruña a través da Vicepresidenta Goretti Sanmartín, e á que se foron sumando as institucións agrupadas na Xunta Pro Devolución creada en agosto de 2017, o parlamento galego, a Xunta de Galiza e o goberno do Estado mediante a presentación da demanda da avogacía do Estado en xullo de 2019.

3. Malia o grande avance que supón a sentenza xudicial, a realidade é que os Franco seguen gozando dun ben que foi resultado dun espolio e as visitas seguen sendo xestionadas por unha entidade, a Fundación Franco, que utiliza estas actividades para facer apoloxía da Ditadura e do Ditador e para atacar institucións e entidades democráticas.

E se ben a sentenza non é firme e cabe a posibilidade de recursos, o certo é que as institucións públicas deben velar pola súa execución provisional co obxecto de restituír a propiedade ao patrimonio público, velar pola integridade doutros bens tamén resultado do espolio, e garantir a súa apertura e o seu aproveitamento como espazo histórico, da memoria democrática, cultural e turístico.

CSV REXISTRO XERAL
Verificación
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 2110
Data envío: 17/09/2020 14:03:22.057

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento galego acorda como resolución facer un recoñecemento público do labor realizado por todas as persoas e entidades que durante décadas e nomeadamente nos últimos anos denunciaron o espolio e participaron no proceso de recuperación do Pazo de Meirás.

Asemade, o Parlamento insta ao goberno galego a.

1. Solicitar ao goberno do Estado que pida a execución provisional da sentenza do xulgado de primeira instancia da Coruña que establece que o Pazo de Meirás forma parte do patrimonio público.
2. Estudar xunto co concello de Sada e a Deputación da Coruña a fórmula máis acaída para unha posíbel xestión pública do Pazo de Meirás.
3. Activar de maneira inmediata os mecanismos necesarios para impedir que a Fundación Francisco Franco continúe á fronte da xestión das visitas guiadas ao Pazo de Meirás, obrigadas pola súa condición de BIC.
4. Traballar conxuntamente coa Deputación da Coruña, co concello de Sada e con entidades sociais para que a xestión do Pazo de Meirás inclúa o relato completo da súa historia, desde que foi propiedade da escritora Emilia Pardo Bazán até a actual sentenza.”

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2020





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 2110

Data envío: 17/09/2020 14:03:22.057

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 17/09/2020 13:56:07

Iria Carreira Pazos na data 17/09/2020 13:56:21

Xosé Luis Bará Torres na data 17/09/2020 13:56:40

CSV REXISTRO XERAL ENTRADA
Verificación
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

